



Curso "Unha ollada á intervención en crise con minorías étnicas e poboación refuxiada"

DOCENTE

Hafdallah Menni El Ouali (G-5399).

ORGANIZA

Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE).

COORDINA

Hafdallah Menni El Ouali (G-5399).

DURACIÓN

5 horas.

DATA E HORARIO

Sábado, 18 de marzo de 2023.
De 09:30 a 14:30 horas.

LUGAR

Escola Galega de Administración Pública (EGAP) en Santiago de Compostela.

PRAZAS

60.

PREZOS

Membros do GIPCE COPG e GIPCE-112.....20,00€
Membros do GIPCE COPG e GIPCE-112 desempregados/as.....10,00€
Psicólogos/as colexiados/as.....40,00€
Psicólogos/as colexiados/as demandantes de emprego ou estudantes de 4º curso do grao de Psicoloxía, do máster ou doutoramento en Psicoloxía.....20,00€

*Neste curso podes optar ás prazas gratuítas para colexiadas e colexiados desempregados. Bases no seguinte enlace:
https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_formation_para_colexiados_e_colexiadas.pdf

Curso recoñecido pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia
Nº de expediente: SA301A 2023/3-1



Curso "Unha ollada á intervención en crise con minorías étnicas e poboación refuxiada"

PROGRAMA

- Pluralismo: Multiculturalidade, interculturalidade e identidade.
- Aspectos culturais que poden condicionar a intervención psicolóxica en situacións de crises.
- Importancia dos códigos e identidade cultural das persoas intervidas.
- Expresión emocional, multiculturalidade e emerxencias psicolóxicas.
- Facilitadores e posibles dificultades na intervención.
- Particularidades na intervención con poboación refuxiada e desprazamentos forzados.

OBXECTIVOS

Coñecer os aspectos culturais e relixiosos a ter en conta na intervención psicolóxica durante unha intervención de crise, adquirir coñecementos sobre a intervención en emerxencias desde unha perspectiva intercultural e coñecer as particularidades da intervención en poboación refuxiada ou desprazada.

METODOLOXÍA

Exposición de conceptos teóricos e prácticos.

DOCENTE

HAFDALLAH MENNI EL OUALI (G-5399).

Licenciado en Psicoloxía pola Universidade Central Marta Abreu de las Villas (Cuba), máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria pola Universidade Internacional de Valencia, profesor colaborador na Universidade Oberta de Cataluña e investigador do departamento de personalidade, avaliación e tratamentos psicolóxicos da Facultade de Psicoloxía de Murcia.

É membro da Comisión para a defensa da profesión do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Forma parte do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG.

Na súa traxectoria profesional destaca a súa participación en distintos proxectos en materia de protección internacional, trata de seres humanos, persoas en situación de prostitución e menores tutelados e non acompañados.



Curso "Unha ollada á intervención en crise con minorías étnicas e poboación refuxiada"

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respectarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos integrantes do GIPCE do COPG, podendo suspenderlo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarse por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregarse o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da duración da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarse informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a tarxeta de demandante de emprego. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula.

Último día de inscrición: 8 de marzo de 2023.